

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:35 horas do día 26 de outubro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 24 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (agás os puntos 4 e 11)
D. Secundino Otero Faílde (asiste ao punto 11)
D. Alfonso Berros Pérez (asiste aos puntos 2a e 4)
D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 2b e 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
2. CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:07	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A54C-5A52EF-8B51C3-TJ4KJL-H2SG35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 11-10-2018, para a contratación por procedemento aberto da "HUMANIZACIÓN DA AVDA DAS CAMELIAS (ENTRE JUAN RAMON JIMENEZ E AVDA DE HISPANIDADE. EXPTE. 109-441" que rematou o día 24 de outubro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
3. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
4. CONSTRUCCIONES FECHI, SL
5. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL
6. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS SL
7. CIVIS GLOBAL SL
8. COPCISA SA
9. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SL
10. ELSAMEX SA
11. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA
12. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS SA
13. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

Así mesmo, recibíuse un fax, coa pegada dixital, da empresa UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- EXC. Y TRANSPORTES MANUEL RODRIGUEZ, S.L. comunicando a presentación da súa oferta neste Rexistro Xeral, por problemas na plataforma electrónica de contratación".

Así mesmo pregunta aos membros da Mesa se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
 3. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
 4. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 5. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 6. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
 7. CIVIS GLOBAL, S.L.
 8. COPCISA, S.A.
 9. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
 10. ELSAMEX, S.A.
 11. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:07	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A54C-5A52EF-8B51C3-TJ4KJL-H2SG35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- 12. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.
- 13. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
- 14. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
MANUEL RODRIGUEZ, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 70%-30%)

- b) Conceder un prazo de tres días a todos os licitadores admitidos para que que indiquen se pertencen ou non a un grupo de empresas para os efectos de calcular as baixas anormais segundo o previsto no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP (artigo 86 do RXLCAP).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios consignados no Anexo I do PPT
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	4,95%
2	CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	36,41%

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:07	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A54C-5A52EF-8B51C3-TJ4KJL-H2SG35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Retírase este asunto da orde do día.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
- Cando proceda, o compromiso da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adjudicatario”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:07	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A54C-5A52EF-8B51C3-TJ4KJL-H2SG35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., o día 19 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 23 e 25 de outubro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 18 de outubro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612) por un prezo total de 42.743,25 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.418,25 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:07	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A54C-5A52EF-8B51C3-TJ4KJL-H2SG35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:07	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A54C-5A52EF-8B51C3-TJ4KJL-H2SG35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		